

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa elaboración do novo Plan galego de I+D+i, a execución do Plan Galicia Innova 2020 e os créditos consignados para a I+D+i

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14329 (11/PNC-001462)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa elaboración do novo Plan galego de I+D+i, a execución do Plan Galicia Innova 2020 e os créditos consignados para a I+D+i

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14345 (11/PNC-001463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia dunha mesa galega da automoción para a elaboración dun plan galego para a industria do sector

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 20 de abril de 2021, pola que se acepta a renuncia dun membro do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)

Visto o escrito co número de rexistro 14.502, do 20 de abril de 2021, presentada por Cándida Rodríguez Ferro, funcionaria do grupo C do Parlamento, de renuncia por motivos persoais a participar como suplente da secretaria do tribunal, nomeada segundo resolución da Presidencia do 9 de decembro de 2020, para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de abril de 2019, e de conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a antedita convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aceptar a solicitude de Cándida Rodríguez Ferro e nomear no seu lugar como membro do tribunal suplente cualificador das probas selectivas para o ingreso por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), a persoa que figura a continuación:



Secretaria suplente : Begoña Ramos Suárez , funcionaria do grupo C do Parlamento.

2º. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e mais ás interesadas e publicala na páxina *web* e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

O presidente

